



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

SECRETARÍA XERAL
28. NOV 05 04 28 37

341177

RESOLUCIÓN REITORAL DO 24 NOVEMBRO DO 2005 SOBRE REALIZACIÓN E ORGANIZACIÓN DO PRACTICUM

Algúns dos plans de estudos aprobados a partir do R.D. 1497/1987 do 27 de novembro (B.O.E. 14/12/87), inclúen, baixo a denominación de prácticum ou estadías, períodos de formación práctica como contidos formativos obrigatorios para a obtención da titulación. Estas prácticas de iniciación profesional son diferentes das denominadas prácticas en empresas e poderán desenvolverse tanto na propia universidade como en outros entes e organismos colaboradores, o que fai que a oferta de prazas non dependa exclusivamente da USC, pero si a obriga a posibilitar a súa realización.

Tendo en conta a situación posta de manifesto por algúns centros no senso de que aos alumnos aos que só lle resta esta materia para concluír os estudos teñen que adiar a súa licenciatura ata o remate do curso, cando esta ten carácter anual, ou daqueles outros alumnos que reúnen os requisitos para a realización do prácticum trala convocatoria do primeiro cuatrimestre e que actualmente teñen que agardar ó curso seguinte por ter as prácticas periodicidade anual ou do primeiro cuatrimestre.

Esta Reitoría, considerando que xa hai centros que teñen establecidas dúas quendas de practicas e co fin de que o conxunto dos alumnos da USC obrigados a realizar esta materia teñan unha solución semellante,

RESOLVE:

- 1º.- Os centros de xeito potestativo poderán establecer dúas quendas de prácticas ou estadías por curso, independentemente do período docente establecido no plan de estudos.
- 2º.- Os centros que establezan dúas quendas de prácticas por curso terán en conta que estas se desenvolvan dentro do curso académico, é dicir entre o 1 de outubro e o 30 de setembro. O establecemento de dúas quendas en ningún caso suporá un incremento de prazas docentes.
- 3º.- Os centros farán tantas convocatorias como quendas teñan establecidas. A elas poderán concorrer os alumnos que reúnan os requisitos para a súa realización, circunstancia que pode darse ó comezo do curso ou trala convocatoria de exames do primeiro cuatrimestre.
- 4º.- Os criterios de adxudicación de prazas serán fixados polo Centro, tendo en conta, no seu caso os criterios que estableza a Universidade por normas de carácter xeral. Unha vez seleccionados os alumnos, os centros darán traslado á UXA correspondente da relación de admitidos.
- 5º.- Os alumnos, unha vez admitidos, formalizarán a matrícula nos prazos que se establezan. Esta matrícula daralle dereito á realización de un único período de prácticas. De non superalas deberá volver a matricularse do practicum íntegro unha vez que volva a ser admitido polo Centro.
- 6º.- Os alumnos serán avaliados do mesmo xeito que no resto das materias troncais, non sendo posible a superación parcial do mesmo.

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2005

O REITOR

Senén Barro Ameneiro

SR. SECRETARIO XERAL - SR. VICERREITOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO - SR. VICEXERENTE DO CAMPUS DE LUGO - SRES/AS DECANOS/AS E DIRECTORES/AS DE CENTROS - SR/A XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA - SR XEFE DOS SERVIZOS INFORMÁTICOS - SR. DIRECTOR/A OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA - SR. XEFE DO SERVIZO DA ASESORÍA XURÍDICA - SRES/AS. XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA - OFICINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓNS.